

-SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEVEDRA-

AGUSTÍN L. VILARIÑO GÓMEZ, Portavoz do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE na Corporación Municipal de Pontevedra, por medio do presente escrito, e para o seu debate no vindeiro Pleno de Xullo, presenta a seguinte

MOCIÓN:

O día 27 de decembro de 2007, publicábase no B.O.E. a Lei 52/2007, de 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor de quen padeceron persecución ou violencia durante a guerra civil e a dictadura, norma que se identifica popularmente como da memoria histórica. No seu preámbulo, sinala o lexislador que non é a súa tarefa implantar unha determinada memoria colectiva, pero sí o seu deber, e o cometido da lei "reparar ás vítimas, consagrar e protexer, co máximo rigor normativo, o dereito á memoria persoal e familiar coma expresión de plena cidadanía democrática, fomentar os valores constitucionais e promover o coñecemento e a reflexión sobre o noso pasado, para evitar que se repitan situacións de intolerancia e violación de dereitos humanos como as entón vividas".

Dende estes principios, o artigo 15.1 da precitada Lei -Símbolos e monumentos públicos- sinala que "as Administracións públicas, no exercicio das súas competencias, tomarán as medidas oportunas para a retirada de escudos, insignias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas de exaltación persoal ou colectiva, da sublevación militar, da Guerra Civil e da represión da Dictadura", no convencemento de que os cidadáns teñen dereito a que así sexa, a que os símbolos públicos sexan ocasión de encontro e non de enfrontamento, ofensa ou agravio, tal e como expresa a exposición de motivos.

A Vila de Pontevedra, non foi allea ós acontecementos que se desencadearon co golpe de estado de 1936, e a posterior represión que marcou a nosa historia durante as catro décadas

seguintes, sendo moitos veciños inxustamente condenados ó exilio, ó silencio, á cadea ou fusilados por exercer e defender a legalidade democrática, entre eles moitos dos integrantes da última corporación municipal republicana, constituída o 9 de marzo de 1936 e presidida polo socialista Manuel López Seijo, e un de cuíos membros, o tamén socialista Luis Nodar Castro, era executado en Ferrol en xullo de 1937.

Fronte a este triste pasado, iniciouse en 1977 un novo camiño, que, de forma pausada e conciliadora, e dende o respecto democrático e a obxectividade, estase a culminar, tentando que as vindeiras xeracións medren sen o lastre que teñen aportado períodos tan dolorosos da nosa historia. Así, na nosa Vila, vimos como, con gobernos municipais de distinta ideoloxía, íanse substituíndo nomes de rúas - General Franco por Real, Plaza de Calvo Sotelo por Praza Real ou Plaza de los Voluntarios por Praza do Pan-, ou retirándose placas de "Caídos por Dios y por España" e outros símbolos desa época, con total normalidade, e adiantándose de forma pacífica e democrática ó agora regulado na lei de memoria histórica.

É sen embargo na nosa corporación local, onde a día de hoxe aínda permanecen mencións e honras que deben ser revogadas para dar cumprimento ó contido na Lei 52/2007, e que motivan a presentación desta moción.

Así vemos como a Comisión Xestora nomeada polo Comandante Militar desta Vila, en sesión celebrada o 30 de setembro de 1936, acorda nomear "Hija Adoptiva" de Pontedeume a Doña Pilar Franco Bahamonde de Jaraiz por, entre outros motivos, ser *"muy dignos de tenerse en cuenta las asistencias y alientos patrióticos prestados por tan distinguida señora en estos días de desasosiego popular..."*, sendo o punto anterior dese plenario dar conta do nomeamento como Jefe del Gobierno del Estado al General de División Don Francisco Franco Bahamonde.

O "Consejo Municipal de Pontedeume", no Pleno celebrado o 17 de xuño de 1939 -1º año triunfal (sic)- acorda por unanimidade nombrar a Su Excelencia el Jefe del Estado y Caudillo de España *"Alcalde honorario de este Ayuntamiento, e invitar al pueblo a que se sume a la manifestación y homenaje que habrá de tributársele a su paso por esta Villa en la fecha que oportunamente será fijada"*.

Finalmente, o Pleno Extraordinario da Corporación Municipal de data 5 de Agosto de 1971, acordou por aclamación, con vítores y vivo entusiasmo (sic) *"nombrar a S. E. el Jefe del"*

Estado, Regidor Perpétuo de la Villa de Pontedeume", nombramiento que se justificó "como el homenaje de nuestro cariño y agradecimiento para el soldado ilustre, estadista ejemplar y preclaro descendiente de la Casa de Andrade, pilar fundamental de nuestra historia".

Por todas estas razóns, e en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 52/2007, o Grupo Municipal Socialista, propón ó Pleno da Corporación Municipal de Pontedeume, a adopción do seguintes **ACORDOS**:

1º.- Revogar o acordo do Pleno da Comisión Gestora de 30 de Setembro de 1936, polo que se nomea "Hija Predilecta de Pontedeume" a Doña Pilar Franco Bahamonde de Jaráiz.

2º.- Revogar o acordo do Pleno do Consejo Municipal de Pontedeume de 17 de Xuño de 1939, polo que se nomea a "S. E. el Jefe del Estado y Caudillo de España Alcalde Honorario de este Ayuntamiento".

3º.- Revogar o acordo do Pleno Extraordinario de 5 de Agosto de 1971, polo que se nomea a S. E. el Jefe del Estado "*Regidor Perpétuo de la Villa de Pontedeume*", asumindo o compromiso ante o pobo de Pontedeume de que os seus representantes sexan elixidos democraticamente e en liberdade.

4º.- Proceder á retirada no noso Concello de calquera outro símbolo, monumento ou moción, que incumpra o establecido no artigo 15 da Lei 52/2007, de 26 de Decembro.

Pontedeume, 11 de Xullo de 2008.